Aberto o prazo para solicitar as axudas do programa «Moaña Iguala Ensino 2026»

- O Concello destina 9.000 € a vales por importe de 150 € por crianza para a compra de roupa e calzado escolar no pequeno comercio local.
- O prazo para presentar solicitudes e para a inscrición dos comercios colaboradores estará aberto do 14 ao 25 de setembro.

Moaña, setembro de 2026. O Concello de Moaña, a través do Departamento de Benestar Social, pon en marcha unha nova edición do programa de emerxencia social **«Moaña Iguala Ensino»**. Esta iniciativa ten como obxectivo apoiar ás familias do municipio en situación de vulnerabilidade para afrontar os gastos extraordinarios vinculados ao inicio do curso escolar.

O programa conta cun orzamento inicial de **9.000 €** e prevé chegar a unhas 60 crianzas do concello. Cada familia beneficiaria recibirá vales polo importe de **150€ por fillo/a** escolarizado/a, que poderá trocar exclusivamente por roupa e calzado nos comercios de proximidade adheridos.

Un modelo integrador e de apoio ao comercio local

A diferenza das axudas directas de subministracións, «Moaña Iguala Ensino» aposta por un sistema normalizador de vales que protexe a autoestima das familias e evita a estigmatización. Ao mesmo tempo, o programa serve de impulso económico para o pequeno comercio de Moaña.

A axuda cobre a estudantes matriculados en calquera etapa educativa de estudos regrados: Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato, Ciclos Formativos e estudos universitarios.

Calendario do programa

- **Do 14 ao 25 de setembro:** Presentación de solicitudes por parte das familias e inscrición de comercios colaboradores.
- **Do 5 ao 9 de outubro:** Entrega dos vales ás familias no Departamento de Benestar Social.
- **Ata o 31 de outubro:** Período para intercambiar os vales nos comercios locais participantes.
- **Ata o 13 de novembro:** Prazo para que os comercios entreguen as facturas no Rexistro do Concello.

Requisitos e documentación para as familias

Para ser beneficiarias, as familias deben estar **empadroadas en Moaña**, ter **expediente aberto en Benestar Social con anterioridade ao prazo de solicitude do programa,** e cumprir cos **límites de ingresos** fixados para esta

convocatoria (incrementados nun 50% respecto aos criterios ordinarios de inclusión social):

- **1 persoa na unidade de convivencia:** ata 703,80 € / mes
- **2 persoas:** ata 835,20 € / mes
- **3 persoas:** ata 947,70 € / mes
- **4 ou máis persoas:** ata 1.041,30 € / mes

Documentación a presentar:

1. Instancia de solicitude específica do programa moaña iguala ensino (dispoñible na páxina web e no Rexistro do Concello de Moaña).
2. DNI, NIE ou Pasaporte de todos os membros da unidade familiar.
3. Xustificante de matrícula escolar/universitaria da crianza.
4. Xustificantes de ingresos mensuais e extractos bancarios dos últimos 6 meses.
5. Contrato de alugueiro, tarxeta do INEM ou sentenza de divorcio/convenio (segundo o caso).

📌 **Máis información e trámites:** As solicitudes deberán presentarse presencialmente no **Rexistro do Concello.**